

RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DO CONSELLO REITOR DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS POLA QUE SE ADXUDICAN AS SUBVENCÍONS A FESTIVAIS DE MÚSICA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2021, POLA QUE SE APROBAN AS BASES DE SUBVENCÍONS A FESTIVAIS DE ARTES ESCÉNICAS E DE MÚSICA E SE CONVOCAN PARA O ANO 2021.

Unha vez vista a acta da comisión avaliadora, do día 26 de xullo de 2021, así como a proposta de resolución elevada polo director da Agadic, do 29 de xullo de 2021, e de conformidade coas bases da convocatoria, o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano competente para a resolución da convocatoria Resolución do 15 de abril de 2021, pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música e se convocan para o ano 2021.

RESOLVE

1. Que acaden a condición de proxectos subvencionados os relacionados a continuación, e nas contías establecidas na proposta de resolución do director da Agadic, de conformidade co informe da comisión de avaliación e cos criterios aprobados nas bases reguladoras da Resolución do 15 de abril de 2021, pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música e se convocan para o ano 2021, que queden desestimados os que non superan os mínimos establecidos na convocatoria, de 50 puntos en total:



<i>ENTIDADE SOLICITANTE</i>	<i>FESTIVAL</i>	<i>Puntos A (automáticos)</i>	<i>Puntos B (artísticos)</i>	<i>TOTAL</i>	<i>Concedido</i>
Revenidas, SC	Revenidas 2021	50	35,05	85,05	27 900,93 €
Zircosine, SL	Festival de La Luz	42	40,88	82,88	28 396,53 €
Sinsal audio, S.L.	Festival Sinsal Son Estrella Galicia	39	39,99	78,99	21 402,39 €
Nordesía Prod, SL	Maré. Músicas e Artes Atlánticas	41	36,26	77,26	23 661,42 €
New Live Prom, SL	Atlantic Fest 2021	37	39,6	76,60	30 657,94 €
Play Plan Cultural SLU	Festival Sonrías Baixas	43	33,49	76,49	31 781,35 €
O.N.P. Producciones, SL	Resurrection Fest Limited 2021	36	38,96	74,96	30 902,93 €
Esmerarte Industrias Creativas, S.L.U.	Portamérica 2021	33	39,23	72,23	31 742,62 €
Work on sunday, SL	Wos Festival 2021	27	39,86	66,86	21 629,15 €
Dezasete Grados, SL	Festival 17ª Ribeira Sacra 2021	26	38,92	64,92	20 927,20 €
AC La Melona	Melonafest 2021	27	36,81	63,81	8.106,21 €
Sweet Nocurna, SLNE	Festival Underfest	26	33,86	59,86	14 551,69 €
Doppler Gestión Cultural, SC	Musgo 2021	31	24,6	55,60	2.474,50 €
Mulas Productions, SL	Vilablues Noia Fest	27	28,5	55,50	11 730,36 €
Francisco Javier Abreu Fernández	Festival Secreto	27	28	55,00	1.684,73 €
Vive Nigrán, SL	Vive Nigrán 2021	19	35,67	54,67	19 148,93 €
Asoc Cultural E Fontenla	Morrasound Rock Fest 2021	26	27,66	53,66	3.205,74 €
AC Cultural Asemblea da mocidade de Vilaboa	Festival Canteira Fest	25	25,34	50,34	1.741,08 €
Fundación Uxío Novoneyra	Festival dos Eidos	19	31,09	50,09	8.354,30 €
The Wild	The Wild Fest	24	23,49	47,49	-----
Óscar Rilo Vázquez	Galicia Metalhead Fest	22	23,16	45,16	-----
Besovi, S.L.	Festival 100 % Chanteclair	18	19,76	37,76	-----
Besovi, S.L.	Festival Noche de Leyendas	16	19,21	35,21	-----

2. A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:



a) Recurso potestativo de reposición ante a presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Arts. 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Art. 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).

3. Notifíqueselles a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

Román Rodríguez González

